

ANEXO I
PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: Juan Picos Martín	
Enderezo electrónico: jpicos@uvigo.es	Teléfono: 986801919
Co-dirección do proxecto	
Nome: Julia Armesto González	
Enderezo electrónico: julia@uvigo.es	Teléfono: 629769204
Nome: Laura Alonso Martínez	
Enderezo electrónico: laura.alonso.martinez@uvigo.es	Teléfono:
Bienio	2022-2024
Número de participantes (máx. 4)	4

Título

Caracterización dunha zona forestal empregando SIX e desenvolver una proposta de actuacións.

Resumo

A idea principal é caracterizar unha zona forestal utilizando tecnoloxías abertas para a captura e procesado da información e desenvolver unha proposta de actuacións. Para comezar, sería necesario recoller datos relevantes sobre a zona forestal, como a súa extensión, a distribución das especies vexetais, a topografía do terreo e outros factores significativos. Estes datos poderían ser obtidos a través de fontes como imaxes satelitais, datos de campo e información xa existente sobre a zona.

Unha vez que os datos foron recollidos, poderíase utilizar Sistemas de Información Xeográfica (SIX) para analizalos e representalos graficamente. A ferramenta de procesado principal a empregar é o QGIS, un programa de software de código aberto que permite traballar con datos xeoespaciais, o que permite analizar e representar información relacionada coa zona forestal.

Por exemplo, poderíase crear un mapa da distribución das especies vexetais, identificando as áreas de bosque denso, áreas de mato e outras características relevantes.

Ademais da caracterización da zona forestal, tamén se deberían desenvolver propostas de actuacións. Isto podería incluír medidas para a conservación e protección do ecosistema forestal, como a prevención de incendios forestais, o control de especies invasoras ou a promoción da biodiversidade, o uso recreativo ou o fomento do uso responsable dos recursos naturais.

Obxectivo

- Empregar diversas técnicas de medición en campo e caracterización do medio natural
- Familiarizar aos participantes cos Sistemas de Información Xeográfica (QGIS)
- Aprender sobre novas tecnoloxías aplicables na medición no eido forestal (Lidar. Drons, ...)
- Entender a lexislación básica sobre o medio estudado

Plan de traballo

1. Recorrido guiado pola zona de estudio (3h)
2. Inventario do medio forestal (3 h)
3. Realizar unha caracterización e cartografía básica da zona de estudio (5 h)
4. Realizar un procesamento da información capturada co software correspondente (5 h)
5. Presentar e analizar os resultados (4 h)
6. Propoñer actuacións (2h)

Actividades complementarias

- Visita a Escola de Enxeñaría Forestal (incluído xiloteca, arboreto) e Pazo de Lourizán.
- Visita a una demostración de LiDAR portable / Dron fotogramétrico.